

O Congreso dos escritores galegos

X. L. MENDEZ FERRIN

Informanme amigos directivos da Asociación de Escritores en Lingoa Galega, de que van por xa en marcha un Congreso que reunirá aos literatos todos desde idioma en torno a algúns temas de reflexión común.

O feito transcende un chisco do ámbito profesional (se é que escribir en galego pode ser a *profesión* de alguén), e pode chegar a interesar as persoas preocupadas polo decorrer social da nosa patria, xa que comporta un acto insólito: os escritores galegos vanse sentar, por primeira vez na historia, pra debater a razón mesma da súa condición, tratar de desvelar a súa función na sociedade, e outras diversas cousas.

Coido eu que ao país interésalle este debate por que a presenza do escritor no seu seo ten sido até agora desproporcionada ao seu oficio. Falta Galicia de

organización e de cadros políticos galeguistas, no pasado acumularon os escritores galegos, ao seu papel de escritores, o só un feixe de recursos estilísticos e un sistema simbólico. O enterro de Otero Pedrayo reviste o formulismo das exequias dun príncipe cristiano ou un chefe de estado. Murguía non só produce unha prosa delicuescente, carregada de imprecisas nocións lamartinianas, senón que vive e actúa como patriarca do sentir político galeguista, até a súa morte. Cando en 1931 se funda o Partido Galeguista, éste dificilmente poderá disimular as súas trazas de partido de literatos, mesmo se nel se concrete xa o político estrito na figura inescuencibel de Alexandro Bóveda. Belas letras, arte e liderádego nacionalista de esquerda, confóndese na persoa e no ronsel de

Castelao, en cuxa fervedeira aínda navegamos moitos.

Naturalmente, todo isto escomenza a trocar no ano 1963, cando se volve a pensar o galeguismo dende bases de clase e cunha perspectiva dinámica e revolucionaria. Hoxe é sabido que o nacionalismo é un fenómeno de masas, un fenómeno orgánico que conta coa teoría marxista e desenvolve prácticas ascendentes en diversos planos, nos que xoga a revolución e o reformismo, e que van do sindical ao cultural, pasando polo político e pola cadea de Segovia na que algúns nacionalistas purgan o precio da coherencia do seu discurso e da súa intervención social.

Rematou, pois logo, o tempo en que os poetas inspiraban o alento liberador: aquel tempo en que Cabanillas (por exemplo),

enunciaba o programa agrario cun rigor infinitamente superior ao de Basilio Alvarez.

Defróntese, así pois, o escritor galego co seu propio texto como función predominante de si: mesmo o escritor orgánico, tan escaso e perplexo nestes intre. Situación nova que as forzas oscurantistas da dereita e do conformismo oficialista tratan de recuperar cunha monótona melopea desmovilizadora. O escritor galego, e mais o escritor monolingüe, coñece un intre, hoxe, en que lle compre unha sèvera, fonda reflexión colectiva.

En canto a min, espero uns bons resultados dese Congreso de Escritores, entre outras cousas porque nel non haberá votacións, nen fraccións en combate, senón ideas ceibes a chocar entre si. E xa se sabe que no xogo do billar podense producir as carambolas mais sorprendentes.